

Córdoba, A. (Ed.) (2019). *Renovar el asombro. Un panorama de la poesía infantil y juvenil contemporánea en español*. Cuenca: Ediciones de la Universidad Castilla-La Mancha. Colección Arcadia, 29. 283 páxinas.

Renovar el asombro. Un panorama de la poesía infantil y juvenil contemporánea en español centra a súa atención na poesía infantil, un xénero reivindicado polos autores que se reúnen neste estudo e que subliñan o escaso interese do mundo académico cara a este tema. Ábrese cunha breve e emotiva presentación do coordinador Adolfo Córdoba na que rememora como xurdiu a idea do libro e todo o apoio que recibiu de Pedro C. Cerrillo. O monográfico divídese en dúas partes: a primeira denomínase “Panoramas” e está composta por cinco capítulos nos que se desenvolve un minucioso estudo fundamentalmente cronolóxico sobre a poesía infantil en España e Hispanoamérica, centrando a súa atención nalgúns dos premios máis destacados da lírica infantil; a segunda titúlase “Enfoques” e está conformada por tres capítulos que centran a súa atención en elementos concretos da poesía infantil –a métrica, a rima, os recursos literarios e o auxe do álbum ilustrado.

María Victoria Sotomayor Sáez inaugura o apartado “Panoramas” co traballo titulado “Dos décadas de poesía infantil en España (1980-2000)” onde presenta un retrato da poesía infantil nun período de tempo e nunha localización xeográfica concreta. A autora reflexiona sobre o progresivo crecemento editorial dedicado ao mundo literario infantil, especialmente no campo da poesía infantil e xuvenil, lanzando unha razoada argumentación sobre os cambios dos temas e a linguaxe, así como a innovación formal e editorial no campo da lírica. Este capítulo é fundamental para comprender a situación

que se vivía en España con respecto á expansión da poesía infantil e xuvenil e para entender a evolución posterior que se viviu neste ámbito.

Cecilia Bajour, en “Nadar en aguas inquietas: una aproximación a la poesía infantil de hoy (1998-2011)”, comeza falando da importancia da poesía infantil e xuvenil, así como da reticencia dos académicos para desenvolver estudos críticos sobre este tema. Considera necesario elaborar un marco teórico para lograr profundar nela, de tal forma que se elimine a constante situación de marxinación na que se atopa actualmente. A autora obriga a reflexionar sobre os modos de facer e pensar a poesía infantil, convidándonos a pensar sobre diferentes cuestións que intercala no seu discurso, animando o lector a ver con ollos de neno, pero sen caer na puerilidade ou o infantilismo poético, demostrando como os nenos, no seu descubrimento do mundo, adoitan asociar elementos insospeitados a través da palabra, activando inconscientemente o uso da metáfora na súa realidade. Igualmente, como a autora anterior, dedica unhas liñas para subliñar a importancia da apertura temática da poesía infantil, pois todo pode ser tratado nos textos poéticos –e, por tanto, tamén nos infantís– co único coidado de non caer no infantilismo con respecto aos temas ou á linguaxe.

22

O terceiro capítulo, “Dentro de una nuez: tres reflejos de la poesía del trienio (2013-2016) y una pregunta”, é da autoría do coordinador do volume, Adolfo Córdova, quen reflexiona sobre os diferentes recursos levados a cabo por poetas e editoriais para fomentar o interese dos máis pequenos pola poesía. Ademais, dedica unhas liñas para corroborar como os novos formatos editoriais (o libro de poemas ilustrado, por exemplo) promoveron o interese por obras que, segundo a súa opinión, o perderan como consecuencia inconsciente da lectura obrigatoria de antoloxías e clásicos promovida polas escolas. Ademais, o autor subliña que, aínda que hai certas publicacións que continúan a liña vixente a principios do século XX –xa anticuada pola constante repetición léxica e temática–, hai moitas creacións innovadoras que exploran diferentes temas e estilos, que escapan de fórmulas comerciais e non se conforman con rimas fáciles, que propoñen lecturas intertextuais e que están en liña coa arte contemporánea.

Felipe Munita é o responsábel de “Hacia una «poesía para niños también»: Tendencias de la poesía infantil en dos premios del ámbito hispanoamericano (2004-2017)”, un interesante estudo –o cuarto desta primeira parte da obra–

no que comeza falando da posición subordinada que ocupa a poesía infantil fronte á narrativa, identificando polo menos tres corpus líricos imbricados –o folclore e a tradición oral, as adaptacións e seleccións do canon adulto e, por último, unha poesía concibida para o lector infantil–. Do mesmo xeito que Bajor, Munita tamén dedica unhas liñas para reivindicar a necesidade de que os académicos mostren interese crítico pola devandita literatura. No seu discurso observamos unha serie de afirmacións que, en certa medida, parecen predicir o camiño que toma a lírica infantil actual e o seu futuro máis inmediato: o progresivo equilibrio do ton lúdico e lírico, a presentación dun neno como falante lírico, a creación de mundos relacionados co mundo infantil, o uso dos recursos fonéticos e a manipulación dos significantes, a intertextualidade etc.

O apartado “Panoramas” finaliza cun capítulo da autoría de Sergio Andricaín e Antonio Orlando Rodríguez, “Libros iberoamericanos de poesía para niños y jóvenes destacados por el Premio Fundación Cuatrogatos (2014-2018)”, no que falan sobre a Fundación Cuatrogatos, a catalogación que fai das obras diferenciando as etapas do desenvolvemento lector e, polo tanto, evitando condicionar os libros segundo as idades (para ler cos máis pequenos, para os que empezan a ler sós etc.) centrando así a recomendación segundo a experiencia lectora de cada individuo. Tamén explican os criterios do premio da Fundación antes de proporcionar unha longa lista de títulos e sinopses. Os autores fan ver, ademais, como a poesía infantil sobresa de maneira notoria fronte á escaseza de títulos centrados no público adolescente e xuvenil.

A segunda parte de *Renovar el asombro* iníciase cunha achega de Anxo Luís Luján Atienza, “Algunas consideraciones sobre la métrica de la poesía infantil española contemporánea”, na que profunda nas características métricas desta poesía, demostrando que é moito máis complexa do que nunha primeira ollada se puidese intuír. Para iso céntrase en tres puntos chave: a rima, os tipos de versos e as estrofas. O investigador identifica a rima como o sinal de identidade da poesía infantil, que chega mesmo a converterse nun xogo onomatopéico ou un xogo de sensentidos e disparates que son parte esencial da maxia da lírica infantil. Do mesmo xeito, o uso dos versos de arte menor e as estrofas breves entran nese xogo rítmico marcado pola brevidade, sinalando o feito de que se trata de poesía para ser oída.

A investigadora Cecilia Pisos en “De rimar a mirar: apuntes sobre la emergencia de un género LIJ más inclusivo” fai fincapé, con ese divertido

anagrama de “rimar” e “mirar”, na existencia heteroxénea da poesía –a poesía é texto, é imaxe, é son...–, optando por definila de forma conceptual e sensorial á vez. Desta forma mostra a evolución da poesía, que inicialmente fora oral e, polo tanto, nacera para ser escoitada, subliñando o aspecto sonoro, cara a unha nova realidade caracterizada pola posibilidade de construír imaxes complexas que, de forma simbiótica entre as imaxes e as palabras, ofrecen diferentes matices da metáfora.

Finalmente, María do Rosario Neira Piñeiro explica en “Adaptación de poesía en forma de álbum ilustrado para niño y jóvenes” os diferentes tipos de álbums ilustrados líricos que podemos atopar e as súas diferenzas, atendendo á diversidade do lector implícito. A autora mostra un claro interese pola análise formal do álbum poético ilustrado, proporcionando pautas facilmente comprensibles ao longo do seu discurso. Posteriormente, reflexiona acerca da selección de textos poéticos que, en moitas ocasións, son parte do canon escolar. En definitiva, considérase que os álbums ilustrados poden ofrecer unha experiencia artística e literaria que contribúa a fomentar o gusto pola lectura de poesía de calidade.

24

Neste monográfico resáltase a innovación da poesía infantil, rexeitando a crenza de simpleza que tradicionalmente se vincula a ela, pois esta explota en maior medida a musicalidade e as posibilidades sonoras e rítmicas, mesmo mellor que a que se dirixe ao público adulto. Ademais, tamén se fai fincapé na gran variedade temática e no rexeitamento da idea de “salvagardar a infancia”, negándolles certos temas por consideralos demasiado dolorosos, coma se non puidesen soportalos. A poesía é, e debe ser, unha forma máis de contemplar o mundo no que vivimos e, por iso, non debe limitarse; ao contrario, débese fomentar que os pequenos lectores poidan mirar o mundo de forma crítica e non cegalos cunha visión simplista dun mundo dulcificado.

Doutra banda, na actualidade atópanse diversos formatos que fan máis atractivos os libros aos máis pequenos –os álbums ou libros de poemas ilustrados–, pero tamén xeran certa polémica entre os investigadores. Por unha banda, algúns defenden a incorporación dunha relación simbiótica entre a ilustración e o verso que, inevitablemente, ten certo carácter transformador –pois a ilustración proporciona unha guía para a interpretación do texto– e pode ser un elemento de ancoraxe no proceso lector, sobre o cal se edifique a educación e a comprensión literaria. Con todo, outros consideran que as

ilustracións contribúen a reducir a riqueza do poema, mesmo poden implicar un intento deliberado de dulcificar os contidos ou de adaptalos.

En definitiva, *Renovar el asombro. Un panorama de la poesía infantil y juvenil contemporánea en español* é unha monografía moi recomendábel para calquera mediador (profesor, mestre, bibliotecario...) entre a poesía e a infancia-lectora que queira profundar na poesía infantil, tratando de coñecela e comprendela. A organización do libro mostra unha axeitada coordinación por parte dos investigadores participantes, seguindo liñas temáticas moi similares que poñen en relación os textos de cada un deles cos dos demais. Os diferentes puntos temáticos sobre os que versa van acompañados por diferentes reivindicacións sobre o mundo da infancia e a súa valoración, como a necesidade de darlle visibilidade e comprender esta poesía dende un punto de vista máis académico, profundando máis nas características e na innovación que presentan este tipo de obras literarias infantís e xuvenís.

Irene Serrano Larrea
Universidad de Castilla-La Mancha